

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

19563 *Real decreto lei 14/2009, do 4 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca en determinadas bacías hidrográficas.*

As adversas condicións climáticas sufridas nos últimos anos deron como resultado que algunhas bacías hidrográficas españolas continúen con acusados problemas para a subministración de auga, tanto para os abastecementos ás poboacións como para as explotacións agrícolas e gandeiras, polo que é necesario adoptar determinadas medidas urxentes para paliar os efectos da extraordinaria seca sufrida.

Aínda que o ano hidrolóxico 2004/2005 comezou cun bo nivel de reservas (en 31 de setembro de 2004 dispoñíase de dez puntos porcentuais por enriba da media dos últimos dez anos), a súa evolución marcadamente atípica e deficitaria, con precipitacións moi inferiores á media histórica, significou o inicio dun período de seca que aínda non se superou. Durante o transcurso do ano hidrolóxico 2005/2006 produciuse un réxime de precipitacións no país superior ao ano precedente pero aínda inferior á media. Este feito supuxo un aumento transitorio das reservas ata a primavera, que foi, non obstante, insuficiente para paliar a difícil situación de partida. Como lóxica consecuencia, unha vez finalizado o ano hidrolóxico 2005/2006, o estado das reservas foi incluso algo inferior ao que había na mesma data do anterior ano hidrolóxico. Aínda que o ano hidrolóxico seguinte, 2006-2007, se desenvolveu con precipitacións superiores á media histórica nos meses de febreiro, abril e maio, o carácter seco seguiu mantendo nas bacías do sueste da Península, na bacía do Segura, no sistema Xúcar e nalgúns sistemas do Guadiana e do Guadalquivir, así como na marxe esquerda do Ebro. Así pois, ao remate do ano hidrolóxico 2006/2007 as reservas encoradas mantivéronse nos mesmos niveis preocupantes para poder atender todas as demandas con normalidade. Igualmente, no ano hidrolóxico 2007-2008 a precipitación media estivo marcada pola escaseza, polo que non foi suficiente nalgunhas bacías para solucionar o déficit acumulado nos anos anteriores. Este déficit de precipitacións foi máis acusado nas bacías do Guadalquivir e do Segura. A situación tampouco mellorou significativamente no ano hidrolóxico 2008-2009, pois as precipitacións medias en España volveron ser inferiores á media, aínda que cunha distribución bastante irregular, con precipitacións dentro da normalidade na bacía do Guadalquivir e no litoral mediterráneo e inferiores nas principais bacías atlánticas. Non obstante, as precipitacións continuaron na súa tónica de escasa contía nas cabeceiras das bacías do Texo, Segura e Xúcar, así como en certos sistemas do Douro, Guadiana, Guadalquivir e Ebro. Durante este ano hidrolóxico puidéronse servir os recursos para o abastecemento, aínda que con certas medidas, apoiadas no principio de precaución. Ademais, a campaña de rega no ano desenvolveuse con dificultades xeneralizadas en varias bacías, sendo as limitacións de maior entidade na bacía do Segura e nos subsistemas Tajuña da bacía do Texo e Águeda na bacía do Douro.

Loxicamente, o novo ano hidrolóxico 2009-2010 iniciouse cun nivel de reservas nos encoros bastante baixo na maioría das bacías, aínda que mellorase levemente nas bacías do Segura, Xúcar e Ebro. No ámbito nacional, os encoros de uso consuntivo teñen unhas reservas inferiores ao 36 por cento, cando a media dos dez últimos anos superaba na mesma data o 40 por cento. A situación máis desfavorable preséntase nas bacías dos ríos Texo, Segura e Xúcar, con reservas globais de apenas o 25 por cento, pero tamén en áreas significativas das bacías do Douro, Guadiana, Guadalquivir e Ebro, cun nivel certamente preocupante das reservas.

Por todo o anteriormente exposto e para facilitar a xestión da seca actual, parece conveniente a adopción de medidas efectivas baseadas na experiencia adquirida nos anos

de escaseza precedentes, nos cales se aplicaron os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca.

Procede eximir das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga para rega no pasado ano hidrolóxico 2008-2009. En relación co Parque Nacional de Las Tablas de Daimiel, dadas as circunstancias excepcionais en que se encontra e o baixo aproveitamento dos recursos transvasados anteriormente provocado por esas mesmas circunstancias, faise necesario dispensalo tamén das exaccións correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de conducción das augas do acueduto Texo-Segura, e a cota da tarifa de conducción das augas pola infraestrutura do postransvasamento (bacía do Segura), correspondentes ao ano 2009. En consecuencia, é necesario restablecer a normalidade económica nos organismos afectados pola exención mediante as oportunas actuacións compensatorias de índole financeira. Todas estas medidas, cuxa urxencia non admite demora na súa adopción, requiren a súa inclusión nunha disposición de rango legal.

Nos últimos anos puxéronse en marcha experiencias moi positivas para paliar os danos da seca mediante a autorización, por unha norma con rango legal, do intercambio de dereitos de auga entre usuarios de diferentes bacías, de maneira que as bacías excedentarias poden fornecer recursos adicionais ás zonas deficitarias, coa conseguinte compensación económica aos cedentes. As experiencias obtidas nos últimos anos acreditan o efecto beneficioso destes intercambios para as dúas partes sen que se manifestasen efectos adversos. En consecuencia, tamén se propón a aplicación deste tipo de medidas na presente normativa.

As especiais circunstancias de determinados sistemas de explotación das sete bacías mencionadas (Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir, Segura, Xúcar e Ebro) aconsellan a introdución na presente normativa de medidas específicas para xestionar dunha maneira eficiente durante o período de seca os sistemas de explotación afectados pola escaseza.

A vixencia espacial desta última compoñente da disposición deberase adecuar temporalmente, se é o caso, tendo como referencia xeral o estado dos sistemas de explotación nesas bacías mediante o Sistema Global de Indicadores Hidrolóxicos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que integran os «indicadores de estado hidrolóxico» definidos nos plans especiais de actuación en situación de alerta e eventual seca redactados nas bacías intercomunitarias, aprobados pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, en cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei 10/2001 do Plan Hidrolóxico Nacional.

Finalmente, a persistencia da seca por quinto ano consecutivo aconsella reducir aínda máis as perdas de auga. Neste sentido, convén aumentar os esforzos na modernización e mellor xestión das infraestruturas do sector agrario, xa que constitúe pola natureza das súas producións e polas tecnoloxías utilizadas o maior consumidor de auga dentro do Estado. Polo tanto, o maior potencial de aforro de auga está en conseguir diminuír a cantidade necesaria para a rega.

Por iso, faise imprescindible actuar de maneira urxente na modernización dos nosos regadíos e mellorar a eficacia na xestión, buscando un aforro e maior control que permita unha maior dispoñibilidade e ferramentas de xestión dos escasos recursos. Prevese a realización de determinadas obras hidráulicas que se indican nos anexos II e III. Nuns casos decláranse de interese xeral; noutros, procédese á declaración de utilidade pública das actuacións, para os efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como á de urxente necesidade da ocupación. Trátase en todos os casos de concretas actuacións directamente vinculadas co obxectivo deste real decreto lei de paliar os efectos producidos pola seca en determinadas bacías hidrográficas, á marxe doutras obras de modernización e consolidación de regadíos que, aínda sendo moi conveniente afrontar no marco dunha estratexia xeral de mellora de regadíos, non existen recorrer a esta excepcional facultade lexislativa.

Ao se tratar todas elas de medidas dependentes da situación hídrica, foi preciso esperar a coñecer a tendencia do réxime de precipitacións no inicio do outono antes da súa adopción.

Concorren, pois, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que constitúen o presuposto habilitante exigido ao Goberno polo artigo 86.1 da Constitución española para ditar decretos lei, de acordo cunha consolidada doutrina do Tribunal Constitucional: unha situación de necesidade fundamentada en datos concretos; a urxencia das medidas para remediar esta situación de necesidade, que non se pode atender acudindo ao procedemento lexislativo de urxencia; e a existencia dunha conexión entre a situación de urxencia definida e as medidas concretas adoptadas para afrontala.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2009, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto:

1.º Establecer medidas administrativas excepcionais para a xestión dos recursos hidráulicos.

2.º Establecer medidas urxentes para a regulación das transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga.

3.º Establecer medidas de apoio aos titulares de dereitos ao uso de auga para rega e abastecementos nos ámbitos territoriais afectados pola seca, cando dispuxesen na pasada campaña dunha dotación de auga igual ou inferior ao 50 por cento da facilitada nun ano normal. Estes ámbitos figuran relacionados no punto I.2 do anexo I deste real decreto lei.

4.º Eximir, en relación co Parque Nacional de Las Tablas de Daimiel, da achega correspondente á tarifa de condución do acueduto Texo-Segura, dado o escaso aproveitamento dos recursos transvasados.

2. Os ámbitos territoriais de aplicación deste real decreto lei serán os sistemas afectados pola seca das bacías hidrográficas dos ríos Douro, Texo, Guadiana, Guadalquivir, Segura, Xúcar e Ebro, definidos no punto I.1 do anexo I deste real decreto lei, aínda que para a bacía do Guadalquivir se limitarán ao territorio non incluído na Comunidade Autónoma de Andalucía.

3. Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para, de acordo coa evolución da seca no ano hidrolóxico 2009-2010, sempre segundo os «indicadores de estado hidrolóxico» definidos nos plans especiais de actuación en situación de alerta e eventual seca redactados nas bacías intercomunitarias, aprobados pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, modificar a delimitación territorial do punto I.1 do anexo I para a aplicación das diferentes medidas previstas neste real decreto lei. A dita facultade exercerase unha vez oídas as comunidades autónomas, as xuntas de goberno das correspondentes confederacións hidrográficas e as organizacións representativas do sector.

CAPÍTULO II

Medidas excepcionais de xestión dos recursos hidráulicos

Artigo 2. *Atribucións das xuntas de goberno e dos presidentes das confederacións hidrográficas.*

1. As xuntas de goberno das confederacións hidrográficas poderán modificar temporalmente as condicións de utilización do dominio público hidráulico, calquera que sexa o título habilitante que dese dereito a esa utilización e, en particular, poderán:

a) Reducir as dotacións na subministración de auga que sexan precisas para racionalizar a distribución dos recursos hídricos.

b) Modificar os criterios de prioridade para a asignación de recursos aos distintos usos da auga, respectando en todo caso a supremacía do uso consignado no número 1 do artigo 60.3 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

c) Impoñer a substitución da totalidade ou de parte dos caudais concesionais por outros de distinta orixe e de calidade adecuada para o uso a que está destinado, para racionalizar o aproveitamento do recurso.

d) Modificar as condicións fixadas nas autorizacións de vertedura, para protexer a saúde pública, o estado dos recursos e o medio hídrico e o dos sistemas terrestres asociados.

e) Modificar temporalmente as asignacións e reservas previstas nos plans hidrolóxicos.

f) Exixir aos usuarios, de conformidade co disposto no artigo 55 do texto refundido da Lei de augas, a instalación inmediata de dispositivos de modulación, regulación e medición nas conducións.

g) Adaptar o réxime de explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos ás necesidades, co fin de compatibilizalos con outros usos.

2. Tamén se poderán modificar temporalmente e mediante resolución motivada os requirimentos ambientais establecidos nos plans hidrolóxicos, procurando asegurar os valores ambientais dos ecosistemas afectados, e aplicar, se se considera necesario, medidas correctoras. Estas medidas garantirán que non se poña en perigo a recuperación do estado dos ditos ecosistemas.

3. Para o cumprimento das funcións anteriores, cada unha das xuntas de goberno afectadas constituirá unha comisión permanente, presidida polo presidente da confederación hidrográfica, e da cal formarán parte o comisario de augas, o director técnico, o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica, un representante do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, un representante de cada comunidade autónoma afectada cuxo territorio estea situado no ámbito da confederación hidrográfica e un representante por cada un dos seguintes grupos de usuarios: abastecemento, regadío e aproveitamentos enerxéticos. Os representantes serán designados entre os que integran cada grupo dentro da Xunta de Goberno das respectivas confederacións hidrográficas, por proposta da maioría dos integrantes de cada un dos grupos. O presidente da confederación hidrográfica nomeará o secretario da comisión entre os seus membros.

No caso da Confederación Hidrográfica do Segura, polo grupo de usuarios de regadío formarán parte da comisión permanente tres representantes das veigas tradicionais, un por cada unha delas, e un do Sindicato Central de Regantes do Acueduto Texo-Segura.

Así mesmo, participarán na comisión permanente, con voz pero sen voto, un representante das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, dous das organizacións sindicais e empresariais máis representativas, e un das entidades locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da bacía hidrográfica, designados polo presidente da confederación hidrográfica, por proposta dos respectivos grupos.

4. Os presidentes das confederacións hidrográficas quedan facultados para adoptar cantas medidas sexan precisas para o eficaz cumprimento dos acordos adoptados pola comisión permanente, e poderán ordenar, no caso de incumprimento da exigencia prevista na letra f) do número 1 anterior, e en concepto de medidas provisionais, a clausura temporal das instalacións de tomas de auga ou vertedura.

5. Así mesmo, autorízanse os presidentes das confederacións hidrográficas para acordaren a realización ou para impoñeren a execución daquelas obras de control ou de medida de caudais e de evolución de acuíferos que sexan necesarias para unha mellor distribución da auga, así como para executaren obras de captación, transporte ou adecuación de infraestruturas.

Artigo 3. *Tramitación dos procedementos afectados pola aplicación das medidas excepcionais.*

1. A tramitación dos procedementos afectados pola aplicación das medidas excepcionais de xestión previstas neste real decreto lei terá carácter de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 50 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Na súa virtude, todos os prazos previstos nos ditos procedementos quedarán reducidos á metade, coas excepcións indicadas no citado artigo.

2. A tramitación dos procedementos de modificación nas condicións de utilización do dominio público hidráulico efectuarase do seguinte xeito:

1.º O procedemento iniciarao de oficio o órgano competente, o que se lles notificará aos interesados.

2.º O informe e a elaboración da proposta de modificación realizaraos a Comisaría de Augas.

3.º A audiencia aos interesados reducirase ao prazo de cinco días.

4.º A aprobación da proposta corresponderalle á comisión permanente. A resolución deberá ser motivada.

5.º O presidente da confederación hidrográfica adoptará as medidas precisas para facer efectiva a resolución de modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico.

3. A resolución adoptada determinará a modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico mentres non sexa revogada expresamente ou se manteña vixente este real decreto lei.

Artigo 4. *Modificación das normas de prelación nos contratos de cesión de dereitos de usos de auga.*

O titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá autorizar, con carácter temporal e excepcional, cesións de dereitos de uso de auga que non respecten a orde de preferencia definida nos plans hidrolóxicos ou no artigo 60.3 do texto refundido da Lei de augas, respectando, en todo caso, a supremacía do uso consignado no seu parágrafo primeiro.

Artigo 5. *Posta en servizo e execución de sondaxes.*

Os presidentes das confederacións hidrográficas quedan facultados para autorizar a posta en marcha, por conta propia ou allea, de calquera sondaxe, conte esta con instalación elevadora ou non, que permita a achega provisional de novos recursos. Esta facultade inclúe a posta en servizo de sondaxes existentes ou a execución doutras novas na medida en que sexan imprescindibles para obter os caudais suficientes con que satisfacer as demandas máis urxentes e para achegar recursos para o mantemento dos valores ambientais dos ecosistemas asociados, especialmente nas zonas húmidas con risco de sufrir danos ambientais significativos.

Tales sondaxes serán clausuradas cando desaparezan as condicións de escaseza e, en ningún caso, xerarán novos dereitos concesionais.

Artigo 6. Carácter non indemnizable das medidas adoptadas.

De conformidade co disposto nos artigos 55.2, primeiro inciso, e 58 do texto refundido da Lei de augas, as limitacións no uso do dominio público hidráulico non terán carácter indemnizable, salvo que se ocasione unha modificación de caudais que xere prexuízos a uns aproveitamentos en favor doutros; en tal caso, os titulares beneficiados deberán satisfacer a oportuna indemnización e corresponderá ao organismo de bacía, en defecto de acordo entre as partes, a determinación da súa contía.

Artigo 7. Réxime sancionador.

1. O incumprimento das exigencias a que fai referencia o artigo 2.1 f) deste real decreto lei entenderase incluído no tipo definido no artigo 116.3.g do texto refundido da Lei de augas, e a súa vulneración terá a consideración de infracción moi grave, en atención á súa especial repercusión no ámbito e aproveitamento do dominio público hidráulico.

2. O incumprimento polos usuarios das medidas de redución das dotacións na subministración de auga que se adopten en aplicación do artigo 2.1 a) deste real decreto lei entenderase incluído no tipo definido no artigo 116.3.c do texto refundido da Lei de augas, e a súa vulneración terá a consideración de infracción moi grave, en atención á súa especial repercusión na orde e aproveitamento do dominio público hidráulico.

3. As confederacións hidrográficas poderán executar directamente as medidas de reparación e reposición adoptadas nas correspondentes resolucións dos expedientes sancionadores. O importe das ditas medidas será por conta dos infractores e poderase exixir pola vía administrativa de constrinximento.

Artigo 8. Subministración de información.

Para a adecuada xestión e seguimento das medidas obxecto deste real decreto lei, as empresas subministradoras de servizos enerxéticos a que fan referencia a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, facilitarán a información que lles sexa solicitada polas confederacións hidrográficas e, en especial, os consumos realizados polas correspondentes instalacións de elevación e impulsión das augas que estas xestionan.

Artigo 9. Relacións coas delegacións do Goberno.

Os presidentes das confederacións hidrográficas comunicaranlles aos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas por este real decreto lei as actuacións que se deban realizar co fin de conseguir o cumprimento das medidas contidas nel.

CAPÍTULO III

Regulación das transaccións de dereitos ao aproveitamento de auga.

Artigo 10. Contratos de cesión de dereitos ao uso de auga.

1. Os titulares de dereitos ao uso de auga adscritos ás zonas regables de iniciativa pública cuxas dotacións brutas máximas figuren nos plans hidrolóxicos de bacía poderán subscribir os contratos de cesión a que se refire o artigo 67.1 do texto refundido da Lei de augas, sen prexuízo das formalidades exixidas no artigo 68.2.

2. Os títulos xurídicos de dereitos ao uso de auga a que se refire o número anterior consideraranse incluídos no ámbito do artigo 190 a do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Augas.

3. Os títulos xurídicos en virtude dos cales cada parte adquirise o dereito ao uso da auga obxecto do contrato deberán estar debidamente inscritos no Rexistro de Augas. En caso de non o estar, deberase instar a súa inscrición previa ou simultaneamente coa solicitude de autorización do contrato ante o órgano competente.

O órgano competente para a inscrición cualificará o título presentado polo solicitante. No caso de que o título achegado se encontre incluído entre os supostos a que se refiren o número 1 deste artigo e o artigo 11, realizará unha inscrición provisional, para os únicos efectos da autorización, se é o caso, do contrato de cesión. A inscrición definitiva tramitarase conforme o previsto no Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Artigo 11. *Utilización de infraestruturas de conexión interbacías.*

1. As infraestruturas de conexión interbacías existentes, e en especial o acueduto Texo-Segura, poderán ser utilizadas para os contratos de cesión de dereitos regulados nos artigos 67 a 70 do texto refundido da Lei de augas. A utilización das infraestruturas para estas transaccións subordínase aos fins prioritarios fixados nas respectivas normas reguladoras das transferencias.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 69.3 do texto refundido da Lei de augas, o réxime económico-financieiro aplicable a estas transaccións será o establecido nas normas singulares que regulen o réxime de explotación das correspondentes infraestruturas.

Artigo 12. *Outros dereitos de aproveitamento de auga derivados de leis especiais.*

1. Consideraranse incluídos no ámbito de aplicación do artigo 10 deste real decreto lei os dereitos ao aproveitamento de auga que puidesen derivar dos volumes sinalados na disposición adicional primeira da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de réxime económico de explotación do acueduto Texo-Segura, con suxeición aos termos, condicións e limitacións establecidos na dita norma e nas restantes disposicións reguladoras do transvasamento e, en particular, aos acordos que adopte a Comisión Central de Explotación do acueduto e, de ser o caso, o Consello de Ministros, respecto das decisións concretas de transvasamento.

2. Consideraranse, así mesmo, incluídos no ámbito de aplicación do artigo 10 deste real decreto lei os dereitos ao aproveitamento de auga derivados da Lei do 27 de abril de 1946, pola que se reorganiza a Mancomunidade das Canles do Taibilla, nos termos e condicións establecidos na dita norma e na restante lexislación aplicable.

Artigo 13. *Cómputo dos volumes obxecto de transacción ás bacías receptoras do acueduto Texo-Segura.*

Os volumes de auga que, en virtude deste real decreto lei, sexan obxecto de transferencia ás bacías receptoras do acueduto Texo-Segura, computaranse como volumes transvasados para todos os efectos e, en particular, para o cómputo do límite dos 240 hectómetros cúbicos establecido na disposición adicional terceira da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.

Artigo 14. *Autorización das transaccións interbacías.*

As transaccións que impliquen a utilización de infraestruturas de conexión interbacías deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral da Auga, logo de informe dos organismos de bacía afectados e das restantes entidades que deban emitir informe, de acordo co artigo 68.2 do texto refundido da Lei de augas.

Así mesmo, no prazo previsto no citado artigo, a Dirección Xeral da Auga poderá exercer o dereito de adquisición preferente regulado no artigo 68.3.

CAPÍTULO IV

Exención de exaccións

Artigo 15. *Exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga.*

1. Con efecto para o período impositivo de 2009, para os titulares de dereitos ao uso de auga para rega e abastecementos dos sistemas incluídos no ámbito de aplicación a que se refire o artigo 1, concédense as seguintes exencións:

a) A cota da tarifa de utilización da auga e do canon de regulación establecidos no artigo 114 do texto refundido da Lei de augas.

b) As achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nas alíneas b e c do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.

c) A cota da tarifa de condución das augas pola infraestrutura do postransvasamento (bacía do Segura), prevista no artigo 10 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, que fose aplicable ás augas propias da bacía.

2. En relación co Parque Nacional de Las Tablas de Daimiel, e con efecto exclusivamente para o período impositivo de 2009, establécese a exención das achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídos nas alíneas b e c do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.

3. Os suxeitos pasivos das exaccións sinaladas nos números anteriores que satisfixesen total ou parcialmente as cotas correspondentes ao período impositivo a que alcanzan as exencións terán dereito á devolución das cantidades ingresadas.

Disposición adicional primeira. *Declaración de interese xeral e de utilidade pública de determinadas actuacións.*

Decláranse de interese xeral as actuacións vinculadas co obxectivo deste real decreto lei que se inclúen neste concepto no anexo II e a totalidade das incluídas no anexo III.

De conformidade co disposto no artigo 58 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, as actuacións vinculadas coa loita contra a seca que se relacionan nos anexos II e III, así como as aprobadas de acordo co establecido no capítulo II deste real decreto lei, levarán implícita a declaración de utilidade pública para os efectos da ocupación temporal e expropiación forzosa de bens e dereitos, así como a de urxente necesidade da ocupación.

As actuacións recollidas no anexo III realizaranse de conformidade cos convenios marco xa subscritos ou que se subscriban entre as sociedades estatais de infraestruturas agrarias e as comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial se deban executar. O financiamento e a execución de cada unha das obras ateranse ao que se estipule nos convenios específicos que se subscriban ou se subscribisen entre as sociedades estatais de infraestruturas agrarias, os usuarios das infraestruturas e, de ser o caso, as comunidades autónomas, en que as previsións de execución real se deberán supeditar, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

A compensación das diminucións de ingresos que se produzan nas confederacións hidrográficas como consecuencia das exencións previstas no artigo 3 deste real decreto lei serán financiadas nun 50 por cento con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria. O 50 por cento restante financiarase con cargo aos créditos do orzamento do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para cuxos efectos se efectuarán as transferencias de crédito que procedan, sen que resulte de aplicación a limitación

contida no artigo 52 1 a. da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.22ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma, con excepción da disposición adicional primeira, que se dita ao abeiro da competencia exclusiva que lle atribúe ao Estado a regra 24.ª do artigo 149.1 do texto constitucional en materia de obras públicas de interese xeral.

Disposición derradeira segunda. *Suspensión temporal de eficacia.*

Durante a vixencia deste real decreto lei quedará sen efecto, en canto á utilización das infraestruturas de conexión interbacías e os contratos de cesión de dereitos ao aproveitamento de auga a que se refire o artigo 3.1, o primeiro inciso do artigo 72 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Aministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor e vixencia.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado", e terá vixencia ata o 30 de novembro de 2010.

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Ámbitos territoriais de aplicación do real decreto lei

I.1 *Sistemas incluídos para os efectos da declaración da situación de seca*

Confederación Hidrográfica do Douro:

Sistema Águeda (canle e concesións).

Sistema Cega-Adaja (cabeceira do Eresma: abastecementos desde o río Eresma a Segovia e á Mancomunidade da Atalaya).

Confederación Hidrográfica do Texo:

Cabeceira do Texo.

Sistema Henares.

Sistema Alberche.

Sistema Tajuña.

Baixo Texo, Alagón e Arrago.

Confederación Hidrográfica do Guadiana:

Sistema Gasset.
Sistema El Vicario.
Zona regable de Peñarroya.
Mancha Occidental.
Gadiana Central.
Sistema xeral.
Sudoccidental da provincia de Badajoz e noroeste de Huelva.

Confederación Hidrográfica do Guadalquivir:

Abastecemento á cidade de Ceuta.

Confederación Hidrográfica do Xúcar:

Canle Xúcar-Turia.
Mancha Oriental.

Confederación Hidrográfica do Segura:

Sistema global de explotación.
Regadíos tradicionais do Xúcar.
Regadíos tradicionais do Turia.
Canle Campo del Turia.
Zona regable do Magro.

Confederación Hidrográfica do Ebro:

Sistema Huerva.
Sistemas Bardenas e Arba.

1.2 *Sistemas incluídos para os efectos de exención de exaccións*

Confederación Hidrográfica do Douro:

Sistemas de regadío vinculados ao río Águeda (canle e regas concesionais).

Confederación Hidrográfica do Texo:

Sistema Tajuña.

Confederación Hidrográfica do Gadiana:

Sistema Gasset.
Sistema El Vicario.
Zona regable de Peñarroya.

Confederación Hidrográfica do Guadalquivir:

Sistema do encoro do Pintado na provincia de Badajoz.

Confederación Hidrográfica do Segura:

Sistema La Cierva.
Sistema Guadalentín.
Zonas regables e abastecementos dotados con recursos do acueduto Texo-Segura.

ANEXO II

Relación de actuacións que se declaran de interese xeral ou respecto das cales se efectúa a declaración de utilidade pública e a urxente necesidade da ocupación para os efectos da ocupación temporal ou expropiación forzosa de bens e dereitos afectados

Relación de actuacións declaradas de interese xeral:

Bacía do Texo:

Abastecemento á Mancomunidad de Las Tres Torres e do río Ayuela.
Incremento de recursos para o abastecemento á nova Mancomunidad de Augas da presa de Santa Lucía.
Mellora do sistema de abastecemento da Mancomunidad de San Marcos.

Bacía do Guadiana:

Apoio ao abastecemento da zona oriental da provincia de Cáceres.

Bacía do Guadalquivir:

Mellora do abastecemento a diversos núcleos de poboación en Ceuta.

Bacía do Segura:

Execución e posta en marcha de sondaxes e conducións ata o dominio público hidráulico e acuedutos.

Relación de actuacións respecto das cales se procede á declaración de utilidade pública e á de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados:

Bacía do Douro:

Execución de novas sondaxes na provincia de Segovia para satisfacer as demandas para abastecemento da cidade de Segovia e da Mancomunidad da Atalaya desde a bacía do río Eresma.

Bacía do Texo:

Abastecemento á Mancomunidad de Las Tres Torres e do río Ayuela.
Mellora do sistema de abastecemento á Mancomunidad de San Marcos.
Reforzo do sistema de abastecemento a Naval Moral de la Mata, Talayuela e as súas zonas de influencia.
Condución de reforzo a La Adrada.
Mellora do abastecemento á comarca de Las Hurdes.
Mellora do tratamento de augas potables do abastecemento de Cáceres.
Incremento de recursos para o abastecemento á nova Mancomunidad de Augas da presa de Santa Lucía.
Mellora do abastecemento á comarca de La Vera.
Mellora do abastecemento á futura mancomunidad de Santa Lucía.

Bacía do Guadiana:

Apoio ao abastecemento da zona oriental da provincia de Cáceres.

Bacía do Guadalquivir:

Mellora do abastecemento a diversos núcleos de poboación en Ceuta.

Bacía do Segura:

Execución e posta en marcha de sondaxes e conducións ata o dominio público hidráulico e acuedutos.

ANEXO III

Obras urxentes de mellora de regadíos, co obxecto de obter un adecuado aforro de auga que palíe os danos producidos pola seca

SEIASA do Nordés

Huesca:

Comunidade de regantes de El Huerto.
Comunidade de regantes de Lasesa, fase II.
Comunidade de regantes de base Riegos del Alto Aragón.
Comunidade de regantes do CAC T.M. Zaidín.
Comunidade de regantes de base da canle de Bardenas.
Comunidade de regantes de base da canle de Aragón e Cataluña.

Zaragoza:

Comunidade de regantes de Gelsa.

Tarragona:

Mellora de regadíos da C.R. Sant Jaume de la Torre del Español.
Modernización e mellora da infraestrutura de rega e desaugadoiros da C.R. Sindicato Agrícola do Ebro fase 2.

Lleida:

Modernización da zona regable de Canals d'Urgell aos TT. MM.de Bellvís, Linyola (Pla d'Urgell) e Vallfogona de Balaguer (Noguera).
Modernización da rega da C.R. de Basa Nova de Almenar.
Construción dunha rede de presión para 1249 ha da C.R. de Raimat.
Transformación de rega á manta a rega á presión na marxe esquerda do río Segre C.R. de Olla i Sagalès.
Mellora das canles e ampliación do encoro da C.R. de Aramunt de Conca da Dalt.

SEIASA do Norte

Salamanca:

Comunidade de regantes de Zorita.
Comunidade de regantes de Garcibuey.
Comunidade de regantes M.I. Águeda.

Soria:

Comunidade de regantes de Campillo de Buitrago.
Comunidade de regantes Almazán 2.^a fase. Rede de distribución complementaria e rede de terciarias.

Valladolid:

Comunidade de regantes Castronuño.
Comunidade de regantes Pollos.

Zamora:

Comunidade de regantes Toro-Zamora (outros sectores).

SEIASA da Meseta Sur

Albacete:

Comunidade de regantes de Martínez Parras.

Toledo:

Comunidade de regantes de Valdepusa, sector IV.
Comunidade de regantes da canle baixa do Alberche.

Alacant:

Comunidade de regantes de la Nucia.
Comunidade de Callosa d'En Sarrià.
Comunidade de Vila-Joiosa.
Comunidade SAT San Enrique.

Badajoz:

Comunidade de regantes do Zújar.
Comunidade de regantes de Las Vegas Altas II 2.^a fase.
Comunidade de regantes de Orellana.

Cáceres:

Comunidade de regantes de M.I. Rosarito.

SEIASA do Sur e Leste

Murcia:

Comunidade de regantes de Blanca, fase II.
Comunidade de regantes de Arcosur Mar Menor, fase II.
Comunidade de regantes de Puerto Lumbreras.
Modernización de regadíos que afectan a comarca do Altiplano.
Modernización de regadíos que afectan a comarca do Noroeste.

Almería:

Z.R. Costa Levante/baixo Almanzora.
Z.R. Andarax.
Z.R. Poniente.